



PROXECTO DE ORDE pola que se regula o procedemento para a adhesión das entidades garantes ao servizo de constitución telemática de garantías e o procedemento para a presentación, constitución e cancelación de garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia

O obxecto e as funcións da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, a Caixa) comprenden a instrumentación da constitución, custodia, devolución e, se procede, execución dos depósitos e garantías admitidos nela. Estas actuacións limítanse aos supostos en que a Comunidade Autónoma resulte garantida ou beneficiaria, así como aos casos en que a persoa garantida sexa unha terceira persoa fronte á Administración autonómica.

Así mesmo, intégranse na Caixa todos aqueles depósitos e fianzas que deban constituírse a favor ou á disposición dos organismos autónomos, universidades públicas, entes de dereito público, sociedades públicas e demais entidades dependentes ou vinculadas á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Caixa regúlase, en defecto de normativa autonómica aplicable e de maneira supletoria, polo réxime xeral establecido polo Real Decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

O Decreto 141/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, establece que son competencias da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, a xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa.

A implantación da presentación telemática de avais por parte das entidades de crédito e das sociedades de garantía recíproca a través da Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda e Administración Pública puxo de relevo a necesidade de incorporar novas técnicas de presentación e de actualizar o procedemento existente.

A experiencia na xestión puxo de manifesto que o réxime vixente, baseado na subscrición individualizada de convenios de colaboración entre a



Administración autonómica e cada entidade garante interesada, resulta pouco áxil para dar resposta ás necesidades actuais. Co obxecto de garantir unha maior eficiencia, considérase necesario substituír o modelo convencional por un procedemento de adhesión, aberto a todas aquelas entidades que cumpran os requisitos previstos na normativa.

Así mesmo, considérase oportuno recoller nunha mesma norma tanto o procedemento de adhesión ao servizo de constitución telemática de garantías como o procedemento para a súa presentación, constitución e cancelación, co fin de dotar ao sistema dunha regulación completa, coherente e actualizada. Non obstante, para garantir a continuidade do servizo prevese que as entidades de crédito que no momento da entrada en vigor desta orde teñan suscrito un convenio para a presentación telemática de avais, sexan consideradas automaticamente como entidades adheridas ao novo servizo de presentación telemática de garantías.

O procedemento regulado na Orde do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos, supoñía a constitución da garantía no mesmo acto de presentación. Nesta norma, coa finalidade de garantir a correcta constitución das garantías, establécese unha separación temporal entre presentación e constitución, a cal só se produce tras a validación pola Caixa. Nesta orde amplíase o ámbito de aplicación material, recollendo, ademais das garantías en avais, os certificados de seguro de caución.

Polo exposto, procede derogar a citada Orde do 23 de maio de 2008.

Esta orde consta de 14 artigos, divididos en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Esta norma responde aos principios de boa regulación previstos na normativa vixente. Así, a orde atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, de conformidade co disposto no artigo 103.1 da Constitución española, deben presidir a actuación administrativa e adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e aos principios de



simplicidade e accesibilidade recollidos tamén no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Deste xeito, en aplicación dos principios de necesidade e eficacia, a norma persegue un interese xeral ao establecer un marco regulador e actualizado para a adhesión das entidades garantes e para a presentación telemática de avais ante a Caixa. En cumprimento ademais dos principios de accesibilidade, de transparencia e de proporcionalidade, identifícanse claramente os obxectivos perseguidos coa norma e esta é o instrumento máis adecuado para conseguilos, contendo a regulación imprescindible para atender a necesidade referida. En aplicación do principio de eficiencia, a norma racionaliza a xestión dos recursos públicos e en virtude dos principios de simplicidade e de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, recollendo as modificacións necesarias, sendo a canle adecuada para facelo e xerando un marco normativo estable, predecible, integrado, claro e certo, co obxectivo de que sexan fáciles o seu coñecemento e a súa comprensión.

O texto da orde foi sometido ao trámite de audiencia pública coas entidades financeiras e aseguradoras regulado no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e ao trámite de información pública. Así mesmo, conta con todos os informes preceptivos, incluídos o informe tecnolóxico-funcional da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o informe da Dirección Xeral de Financiamento Autonómico, o informe sobre impacto de xénero e o informe da Asesoría Xurídica.

Como consecuencia do anterior, por proposta do centro directivo competente en materia de tesouraría, no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:



CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento para a adhesión das entidades avalistas e as entidades aseguradoras ao servizo de constitución telemática de garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante a Caixa), así como a comunicación de modificación de datos das ditas entidades.

Así mesmo, régúlase o procedemento para a presentación e constitución de garantías ante a Caixa polas entidades garantes, e a súa cancelación.

2. Habilítase o procedemento na Guía de procedementos e servizos, co código de procedemento XXX, ou o que o substitúa, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, e apróbanse os modelos de solicitude de adhesión e comunicación de modificación de datos en formato electrónico que aparecen como Anexo I e Anexo II desta orde, respectivamente.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta orde será de aplicación ás garantías que deban presentarse ante a Caixa, mediante aval presentado polas entidades de crédito, os establecementos financeiros de crédito e as sociedades de garantía recíproca, ou ben mediante certificado de seguro de caución presentado polas entidades aseguradoras.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos da aplicación desta orde, os seguintes termos interpretaranse deste xeito:

- a) Garante: entidade avalista ou entidade aseguradora adherida ao servizo de constitución telemática de garantías que garante o cumprimento da obriga da persoa garantida mediante aval ou seguro de caución.
- b) Persoa garantida: persoa física ou xurídica en nome da que se constitúe unha garantía ante a Caixa, mediante aval ou seguro de caución.



- c) Entidade avalista: entidade de crédito, establecemento financeiro de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garante obrigas ante a Caixa mediante aval.
- d) Entidade aseguradora: entidade que garante obrigas ante a Caixa mediante seguro de caución.
- e) Persoa apoderada: persoa autorizada pola entidade garante con poder bastante para actuar no seu nome, para asinar e presentar telematicamente garantías ante a Caixa.
- f) Persoa usuaria: considérase persoa usuaria á figura da persoa apoderada, a de outro persoal da entidade garante que, aínda non tendo a condición de persoa apoderada, efectúe un trámite telemático dunha garantía.

CAPÍTULO II

Procedemento de adhesión ao servizo de constitución telemática de garantías polas entidades garantes

Artigo 4. Requisitos das entidades garantes

Poderán ter a condición de entidades avalistas ou aseguradoras adheridas ao servizo de constitución telemática de garantías as entidades que cumpran os requisitos esixidos nos artigos 25 e 30 do Real Decreto 937/2020, de 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, ou norma que o substitúa, respectivamente.

Artigo 5. Forma e lugar de presentación das solicitudes

A solicitude de adhesión ao servizo de constitución telemática de garantías ante a Caixa por parte das entidades avalistas e das entidades aseguradoras, deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código de procedemento **FAXXX**), que figura como Anexo I a esta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente,



requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 6. *Resolución da solicitude*

A solicitude de adhesión resolverase pola persoa titular do centro directivo do que dependa a Caixa.

Para a valoración das solicitudes presentadas, terase en conta o cumprimento dos requisitos esixidos en cada caso para as entidades avalistas e as entidades aseguradoras, segundo o artigo 4 desta Orde.

Artigo 7. *Notificacións*

A notificación da resolución de adhesión practicarase por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, *Notifica.gal*. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

2. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



3. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Modificación de datos*

1. A modificación de datos esenciais das entidades garantes adheridas, como o cambio de denominación, modificación de participacións sociais ou calquera outra circunstancia que altere as condicións tidas en conta na solicitude inicial, deberán ser comunicada á Caixa.

Coa comunicación achegarán a documentación acreditativa que fundamente a modificación de datos.

2. A comunicación presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código de procedemento FAXXX) que figura como Anexo II a esta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

3. Aplicarase á comunicación o réxime previsto no artigo 5 respecto da emenda da solicitude, así como os mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación do procedemento previsto nesta orde, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante ou comunicante, segundo o caso.
- c) Inscripción da entidade garante solicitante no rexistro que corresponda.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Revogación da adhesión*

A adhesión dunha entidade garante ao servizo de constitución telemática de garantías poderá ser revogada en calquera momento polo órgano que a autorizou. A revogación poderá acordarse polo incumprimento das obrigas asumidas, pola perda da condición de entidade autorizada para a concesión de garantías ou polo incumprimento dos requisitos previstos no artigo 4 desta orde, segundo corresponda.

Artigo 11. *Obrigas das entidades adheridas*

1. A solicitude de adhesión ao servizo de constitución telemática de garantías implica a asunción por parte da entidade garante da obriga de comunicar formalmente á Caixa:

a) As altas, baixas e modificacións dos domicilios da entidade que poidan constar nas garantías que constituía a dita entidade, aos efectos de notificacións e requirimentos.

b) As altas, baixas e modificacións dos apoderados que poderán presentar telematicamente garantías da entidade. Os datos que se comunicarán son nome, apelidos e NIF da persoa apoderada, así como copia do bastanteo de poderes efectuado previamente pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, a entidade garante debe informar formalmente á persoa garantida da cancelación da garantía constituída telematicamente.

3. A Xunta de Galicia non será responsable das consecuencias legais ou económicas derivadas do incumprimento por parte da entidade garante das obrigas ás que se refire este artigo.

CAPITULO III

Procedemento de presentación, constitución e cancelación de garantías

Artigo 12. Procedemento para a presentación de garantías

1. A persoa interesada en constituír unha garantía en documento de aval ou seguro de caución acudirá a unha entidade garante que teña a condición de entidade adherida ao servizo de constitución telemática de garantías ante a Caixa.

2. A entidade garante adherida ao servizo de constitución telemática de garantías accederá á Caixa e deberá cubrir o formulario dispoñible na aplicación informática GARANTA accesible a través da páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública https://www.conselleriadefacenda.gal/es_ES/servizos-e-tramites.

3. Unha vez comprobado o formulario, farase a presentación formal pola persoa ou persoas apoderadas rexistradas da entidade, que requirirá a súa sinatura dixital. Neste acto xerarase un documento electrónico xustificativo da presentación da garantía ante a Caixa. Este xustificante de presentación non acredita a constitución da garantía ata que esta sexa validada pola Caixa.

4. En relación ás persoas autorizadas de cada entidade garante para levar a cabo este procedemento, deberán ser dados de alta como usuarios rexistrados na Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para o que terán que dispor de poder bastante para actuar en nome da citada entidade e acompañar a verificación da suficiencia dos seus poderes, corroborados pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

As persoas autorizadas de cada entidade garante que vaian asinar a presentación disporán dun certificado dixital outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou daquelas autoridades que sexan admitidas pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

Artigo 13. Constitución da garantía

1. Presentada a garantía pola entidade e unha vez validada pola Caixa, esta quedará formalmente constituída. Neste momento xerarase un resguardo



acreditativo da constitución da garantía (Modelo 790) así como un documento de aval ou de seguro de caución en formato electrónico.

2. En relación do cómputo de prazos e demais consecuencias xurídicas derivadas da garantía, considerarase como data de efectos a da presentación telemática, que coincidirá coa da sinatura electrónica da persoa ou persoas apoderadas da entidade garante. Se a garantía se presentou coa sinatura de dúas persoas apoderadas, a sinatura de ambas as dúas será consecutiva, producíndose a presentación na data da sinatura da segunda persoa apoderada da entidade.

3. O resgardo da constitución da garantía así como o documento de aval ou de seguro de caución xerados pola aplicación informática, conterá un código seguro de verificación que permite comprobar en calquera momento a súa validez e vixencia, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Cancelación e devolución da garantía*

A cancelación e devolución da garantía efectuarase de acordo coa lexislación vixente, da seguinte forma:

1. Unha vez que a Caixa reciba o acordo de cancelación emitido polo órgano a disposición do cal se constituíu a garantía, iniciará o procedemento para a cancelación e baixa da garantía nos seus rexistros.

2. Completada a cancelación e baixa da garantía, a Caixa comunicará á entidade garante. Nesta comunicación porase de manifesto que a garantía foi cancelada, indicando que aquela xa pode acceder á aplicación para comprobar e imprimir o xustificante da cancelación, recordándolle a súa obriga de informar formalmente á persoa garantida da cancelación da garantía, de acordo co previsto no artigo 11.2 desta orde.

3. O xustificante da cancelación xerado pola aplicación informática conterá un código seguro de verificación que permite comprobar en calquera momento a súa validez e vixencia, a través da oficina virtual da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Disposición adicional primeira. *Réxime das entidades adheridas mediante convenio*



As entidades que, no momento da entrada en vigor desta orde, teñan asinado un convenio para a presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, adquirirán a condición de entidades adheridas ao servizo de presentación telemática de garantías regulado nesta orde, sen necesidade de tramitar unha nova solicitude.

Disposición adicional segunda. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa Disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o modelo normalizado aplicable na tramitación do procedemento regulado nesta disposición, poderá ser actualizado co fin de mantelo adaptado á normativa vixente. A estes efectos será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as entidades garantes interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas a Orde do 23 de maio de 2008 pola que se establece os requisitos para a presentación de garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos, e as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a execución*

Facúltase ao centro directivo do que dependa a Caixa para ditar cantas instrucións sexan necesarias para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública

**ANEXO I
SOLICITUDE ADHESIÓN**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ADHESIÓN NO SERVIZO DE CONSTITUCIÓN TELEMÁTICA DE GARANTÍAS ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA	FAXXXA	SOLICITUDE

Establecer dos niveles desplegables:
1.-para elegir tipo de entidad
2.-Para poner núm registro: (Código entidade DdE para los tres primeros y Clave para las

DATOS DA ENTIDADE GARANTE					
IDENTIFICACIÓN					
TIPO ENTIDADE ➔	Entidade de Crédito Establecemento Financeiro de Crédito Sociedade de Garantía Recíproca Compañía de Seguros		Codigo entidade BdE Clave DGS		CODIGO/ CLAVE
Seleccione					
RAZÓN SOCIAL					
ENDEREZO					
PAIS					
Seleccione					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
Seleccione					
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
	Seleccione	Seleccione			
PARROQUIA	LUGAR				
CONTACTO					
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2		
Seleccione		Seleccione			
CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
IDENTIFICACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal		
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.		
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal		
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

OBXECTO DA SOLICITUDE: (Marque cun "X" o que corresponda)

☐	Adherirse ao servizo de constitución telemática de garantías mediante aval
☐	Adherirse ao servizo de constitución telemática de garantías mediante seguro de caución

(Cadro de declaracións, débense pór aquí todas as declaracións que se presentan coa solicitude deste procedemento. Elixiremos o título en función do perfil da persoa solicitante)

PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE GARANTE DECLARA:

1. Que, a entidade garante cumpre os requisitos esixidos no artigo 4 da Orde XXXX pola que se regula o procedemento para a adhesión das entidades garantantes ao servizo de constitución telemática de garantías e o procedemento para a presentación, constitución e cancelación de garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia
2. Que, entende e acepta que a adhesión ao servizo implica a asunción das obrigas impostas á entidade financeira pola Orde XXX, e en particular as recollidas no artigo 9 da dita orde.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPOÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
NIF da entidade solicitante	☐
Inscrición da entidade garante no rexistro que corresponda	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade comunicante	☐ SI ☐ No

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do __ de _____ de 2026 pola que se regula o procedemento para a adhesión das entidades garantantes ao servizo de constitución telemática de garantías e o procedemento para a presentación, constitución e cancelación de garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia [(código de procedemento XXXXXX)] [(*Diario Oficial de Galicia* número XXX, do X de xuño)]
- Real Decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

(Cadro de sinatura. Elixiremos o título en función do perfil da persoa solicitante)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE GARANTE						
Lugar e data						
	,		de		de	

Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
--

**ANEXO II
MODIFICACIÓN DE DATOS
DAS ENTIDADES GARANTES**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
MODIFICACIÓN DE DATOS DAS ENTIDADES GARANTES ADHERIDAS AO PROCEDEMENTO DE CONSTITUCIÓN TELEMÁTICA DE GARANTÍAS ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DE GALICIA	FAXXXA	COMUNICACION

(Datos da entidade comunicante cando é unha **persoa xurídica**)

DATOS DA ENTIDADE GARANTE							
IDENTIFICACIÓN							
TIPO ENTIDADE		NIF		PAIS			
Seleccione				Seleccione			
RAZÓN SOCIAL							
ENDEREZO							
PAIS							
Seleccione							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
Seleccione							
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
	Seleccione	Seleccione					
PARROQUIA			LUGAR				
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO		TELÉFONO 2			
Seleccione		Seleccione					
CORREO ELECTRÓNICO							

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

OBXECTO DA COMUNICACIÓN:

--

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPOÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
NIF da entidade comunicante	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade comunicante	☐ SI ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa comunicación para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do __ de _____ de 2026 pola que se regula o procedemento para a adhesión das entidades garantes ao servizo de constitución telemática de garantías e o procedemento para a presentación, constitución e cancelación de garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia [(código de procedemento XXXXXX)] [(*Diario Oficial de Galicia* número XXX, do X de xuño)]
- Real Decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data					
	,		de		de